

La Policía excava una parcela en busca de pistas sobre Madeleine

► La operación está relacionada con el alemán de 43 años con antecedentes por delitos de abusos sexuales a menores

EFE
MADRID. La Policía alemana registró este martes una parcela en las inmediaciones de Hannover (centro del país) en relación con el caso de la desaparición y el presunto asesinato de la niña británica Madeleine McCann en 2007, por la que está siendo investigado un ciudadano alemán.

Según informó el periódico local Hannoversche Allgemeine, agentes de la Oficina Federal de la Policía Criminal (BKA) y de la Policía regional del estado federado de Baja Sajonia participaron en el registro de la parcela ajardinada, que fue desbrozada y excavada en el curso de las pesquisas.

Una portavoz de la Fiscalía de Braunschweig confirmó que la



Excavación de una parcela en las inmediaciones de la localidad alemana de Hannover. JONAS NOLDEN (EFE)

operación está relacionada con Christian B., el alemán de 43 años con antecedentes de abusos sexuales a menores de edad del que sospecha que secuestró y asesinó a la pequeña en el Algarve portugués hace ahora trece años.

Sin embargo, la portavoz no especificó cuál es la relación del sospechoso con la parcela ni cuál era el objeto del registro por parte de los agentes, que fueron foto-

grafiados empleando palas y un perro de búsqueda.

El sospechoso, con 17 condenas por distintos delitos —desde agresión hasta abusos sexuales—, cumple en la actualidad condena por tráfico de drogas en la ciudad de Kiel (norte de Alemania).

La señal de su teléfono móvil lo ubica cerca del lugar en el que desapareció Madeleine.

No obstante, la Fiscalía no ha

presentado aún una acusación formal contra Christian B. debido a que no cuenta todavía con indicios suficientes de su autoría.

Este fin de semana un diario alemán se hacía eco de una entrevista en la televisión portuguesa de una maestra que decía haber visto a la niña hace tres o cuatro años en un súper de Albufeira, a unos 45 minutos de Praia da Luz, donde fue vista por última vez.

La primera ola de calor del verano llega mañana a Galicia y se queda hasta el sábado

EFE
MADRID. La primera ola de calor del verano llegará mañana y durará, al menos, hasta el próximo sábado, avanzó la Agencia Estatal de Meteorología (Aemet). Estas altas temperaturas son consecuencia de una masa cálida de origen africano unida a la insolación de estas fechas, explicó.

Hoy, las temperaturas subirán en la mitad noroeste y bajarán en el tercio oriental y Baleares, de tal manera que se superarán los 40 grados en puntos del Tajo, Guadiana y Guadalquivir, y los 36-38 grados en el sur de Galicia.

A partir de mañana se prevé un «ascenso significativo» de las temperaturas en el norte por la entrada de viento del sur. En Lugo se esperan 36 grados y en Ourense, 40.

Para el viernes y el sábado habrá un «descenso muy significativo» de las temperaturas en el norte, en el sur y este del país, que a partir del domingo 2 de agosto es probable que se extienda al resto de zonas.

Colección medallística do Museo Provincial de Lugo

A Medallística é unha ciencia auxiliar da Historia que se ocupa do estudo concreto das medallas e medallóns. Pertence á Numismática que tamén se define como a ciencia que estuda as moedas e medallas.

Tanto a colección numismática do Museo Provincial de Lugo como a de Medallística son bastante descoñecidas, quizais porque só se expón unha parte das pezas conservadas, que no caso das moedas se achega ás 8.000 máis as 494 medallas, sen cuantificar as devocionais.

A colección de medallas do MPL abarca cronoloxicamente dende o século XVIII ata a actualidade. Na mostra que agora se expón no Refectorio do museo, amósase unha escolma representativa da colección, organizada a través de paneis explicativos que nos falan da medalla como obxecto de carácter artístico cuxa finalidade é narrar un acontecemento concreto ou servir como distinción honorífica, premio, que se adoita conceder en exposi-



POR **AURELIA BALSEIRO GARCÍA**

MUSEÓLOGA E DIRECTORA DO MPL

cións ou certames significativos.

Unha medalla senlleira, tanto por ser das primeiras adquiridas polo museo no ano seguinte á súa inauguración (1934) como pola súa transcendencia histórica, foi a Medalla da Exposición Rexional de Lugo de 1896.

Aínda que a colección de medallas conmemorativas de Exposicións Universais e Rexionais entre finais do século XIX e principios do século XX é bastante completa e interesante, nesta peza aparece a sinatura do seu artífice ou gravador, que vén sendo o responsable do deseño das imaxes e da realización dos moldes: Eusebi Arnau (1864-1933). Este escultor modernista catalán tamén se encargou da medalla da Exposición Universal de Barcelona de 1888.

Analizando polo miúdo os motivos escollidos: alegoría nun lado e heráldica no outro e a súa clásica disposición en anverso e reverso co propio nome do evento a lembrar: a Exposición Rexional de Lugo de 1896, en tan só 50 mm. de tamaño, admiramos o exercicio de selección, concreción e os simbolismos dos elementos representados.

Por un lado están o escudo de Lugo co brasonado antigo: torre con leóns afrontados rampantes e cáliz coa Sagrada Forma con dous anxos en adoración afrontados, timbrado con coroa, sen lenda e rodeado por pólas de loureiro e palma.

Polo outro lado está a Fama, alada, sentada coa trompeta nunha man e noutra unha rama; sobre a súa cabeza unha estrela iridescente e ao seu carón os atributos das Artes (paleta, pinceis, torso escultórico) e da Industria (martelo, engrenaxe) en consonancia co contido da mostra. Ao fondo aparece un edificio representati-



vo da cidade de

Lugo: a Deputación, institución patrocinadora do evento e tamén sé da exposición grazas ás xestións realizadas polo Comité Executivo da Exposición (Actas sesións plenarias da Deputación, 1895-1896).

A Fama é un motivo iconográfico monetar máis moderno que a Vitoria, consolidase no Renacemento e toma como atributos a trompeta recta (salpinx) das níques helenísticas, as ás de mensaxeira, a propia figura feminina e o seu significado como triunfo concedido polos deuses aos mortais en certames poéticos, musicais ou deportivos; despois engadíranse os triunfos militares, (Rodríguez López, 2013). Pode levar unha

ou dúas trompetas antigas (figurando a Verdade e a Mentira respectivamente).

A recorrencia da representación das follas de palmeira e de loureiro, xa desde o mundo mediterráneo antigo, está asociada ao seu simbolismo de triunfo e inmortalidade na primeira, e na segunda á vitoria e a gloria. Neste caso desenvolveríanse significados complementarios dunha mesma mensaxe.

A Exposición Rexional de Lugo, celebrada nesta cidade entre agosto e outubro de 1896, comprendía 5 divisións: Ciencias, Artes Liberais, Minerais e produtos metalúrxicos e químicos, Agricultura e Aqueicultura e Industria Fabril e Manufactureira. Tamén se organizaron certames musicais e literarios; nos Xogos Florais houbo 27 premios concedidos que serían publicados integramente en 1898 pero xa no propio Catálogo da Exposición Rexional aparecen todas as distincións adxudicadas.